

ASUNTO: DECRETO REAPERTURA PAVILLON PINGUELA

DECRETO REAPERTURA PAVILLÓN DA PINGUELA

Por Decreto de Alcaldía de data 13 de marzo de 2020, dada a situación sanitaria na que nos atopábamnos e, como complemento as medidas acordadas polo Goberno do Estado e pola Xunta de Galicia, dispúxose entre outras medidas que afectaban ó ámbito estritamente municipal, en relación coa crise sanitaria producida polo coronavirus COVID-19, o peche de Instalacións Deportivas Municipais, entre as que se atopaba O Pavillón Municipal da Pinguela.

A Orde SND/414/2020, do 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade no seu art. 42 regula a apertura de instalacións deportivas cubertas, situación na que se atopa o Pavillón Municipal da Pinguela.

Existe neste Concello demanda por parte dalgúns dos Clubs Deportivos Federados que tiñan concedido o uso do Pavillón Municipal da Pinguela para levar a cabo os seus adestramentos e competicións durante a tempada 2019-2020, para completar a súa actividade que foi interrompida no momento que se pechou a instalación con motivo da crise sanitaria do COVID-19.

Tendo en conta:

O artigo 39 da orde SND/414/2020, do 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade, que regula as condicións nas que debe desenvolverse o adestramento básico en ligas non profesionais federadas.

O artigo 31 da Orde SND/458/2020, de 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do plan para a transición cara unha nova normalidade, que regula as condicións nas que debe desenvolverse o adestramento medio en ligas non profesionais federadas.

A resolución de 4 de maio de 2020, da presidencia do Consello Superior de Deportes, pola que se aproba e publica o protocolo básico de actuación para a volta aos adestramentos e reinicio das competicións federadas e profesionais,

Proponse:

A reapertura do Pavillón Municipal da Pinguela para que aqueles Clubs e Entidades Deportivas Federadas que tiñan concedido o uso da instalación para levar a cabo a súa actividade durante a tempada 2019-2020 poidan reiniciala ata o 30 de xuño de 2020.

As condicións da reapertura serán as seguintes:

1. Poderán acceder á instalación aqueles Clubs e Entidades Deportivas Federadas nos horarios que tiñan concedidos para a tempada 2019 – 2020.
2. As entidades Deportivas e Clubs poderán levar a cabo adestramento de tipo medio coas seguintes particularidades:





- Os deportistas integrados en clubs participantes en ligas non profesionais federadas poderán realizar adestramentos de tipo medio, consistentes no exercicio de tarefas individualizadas de carácter físico e técnico, así como na realización de adestramentos tácticos non exhaustivos dirixidos á modalidade deportiva específica, en pequenos grupos de varios deportistas ata un máximo de vinte, mantendo as distancias de seguridade de dous metros de xeito xeral e evitando, en todo caso, situacións nas que se produza contacto físico.
- As tarefas de adestramento se realizarán sempre que sexa posible por quendas, evitando superar o cincuenta por cento da capacidade que para deportistas teña a instalación, co obxecto de manter as distancias mínimas necesarias para a protección da saúde dos deportistas.
- Poderá asistir ás sesións de adestramento o persoal técnico necesario para o desenvolvemento das mesmas, para o cal deberá manter as medidas xerais de prevención e hixiene fronte ó COVID-19 indicadas polas autoridades sanitarias.
- Non se poderán utilizar os vestiarios. Os deportistas deberán acceder con roupa deportiva da casa.
- Habilitaranse dous aseos, un para homes e outro para mulleres que poderán ser utilizados de xeito individual cando sexa necesario.
- Ás sesións de adestramento non poderán asistir medios de comunicación.
- Poderán realizarse reunións técnicas de traballo cun máximo de vinte participantes, e sempre gardando a correspondente distancia de seguridade e o uso das medidas de protección necesarias. A estos efectos, se entende por reunións técnicas de traballo aquelas sesións teóricas relativas ó visionado de vídeos ou charlas técnicas de revisión de aspectos de carácter técnico, táctico ou deportivo vinculadas ás posteriores sesións de adestramento que realiza o adestrador cos deportistas.
- As sesións de adestramento non contarán con presenza de persoal auxiliar, nin de utileros, reducíndose o persoal do centro de adestramento ó número mínimo suficiente para prestar o servizo.
- O adestrador e equipo técnico levarán sempre mascarilla e gardarán unha distancia mínima e dous metros.
- So poderán acceder á instalación deportistas e persoal técnico.
- Os/as deportistas non poderán compartir ningún material.
- Os deportistas e persoal técnico deberán acceder á instalación con mascarilla podendoa quitar só cando accedan á cancha de adestramento.



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 15/06/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE GILLERO-Secretario - 15/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/06/2020 18:13:14





- Estableceranse circulacións interiores para evitar aglomeracións de persoas no acceso e saída da instalación.
 - En todo caso se seguirán as medidas de prevención e protección establecidas polas autoridades sanitarias.
3. O Concello de Monforte realizará tarefas de limpeza e desinfección periódica da instalación conforme o previsto polas autoridades sanitarias. Asimesmo se limpará e desinfectará o material utilizado polos deportistas ó finalizar cada turno de adestramento e á finalización da xornada.
4. Se dotará a instalación de puntos de suministro de xel desinfectante e cartelería coas normas e recomendacións de hixiene.

Os Clubs Deportivos interesados en facer uso da instalación deportiva deberán poñerse en contacto coa Oficina Municipal de Deportes para organizar a volta ó adestramentos.”

Con base no anteriormente exposto, en virtude das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.-Dar conformidade ao informe do técnico municipal de deportes e proceder á reapertura do pavillón municipal da Pinguela con efectos do 16 de xuño do 2020, nas condicións reflectidas no informe citado.

SEGUNDO.-Dar traslado do presente decreto ao técnico municipal de deportes e a publicación do mesmo na páxina web municipal.

MONFORTE DE LEMOS, data da sinatura do Sr. Alcalde
Ordena e asina o Sr. Alcalde
Certifica e asina o Sr. Secretario



FIRMAS Y FECHAS

JOSE TOME ROCA-Alcalde-Presidente - 15/06/2020
JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO-Secretario - 15/06/2020
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/06/2020 18:13:14

